


XORNADA TDAH E MULLER EN ATENCIÓN PRIMARIA

28 de novembro de 2023, 9.00 h.
Salón de actos, Consellería de Sanidade



XUNTA
DE GALICIA



Plan de Saúde
Mental de Galicia
poscovid - 19
Período 2020 -2024

O día 28 de Novembro tivo lugar na Consellería de Sanidade a xornada *TDAH E MULLER*, un trastorno do neurodesenvolvemento que afecta ó 5% da poboación, e no que como consecuencia da súa complexidade participan tanto factores ambientais como xenéticos. Da man de especialistas neste ámbito, o obxecto desta xornada foi formar a profesionais de Atención Primaria e facilitar a adquisición de coñecementos específicos sobre os aspectos centrais do diagnóstico e tratamento do TDAH, facendo especial énfase nas manifestacións diferenciais nas mulleres; así como, difundir o coñecemento sobre o TDAH co fin de mellorar a calidade de vida das persoas afectadas e as súas familias. Así mesmo, contouse coa participación de testemuñas que deron voz ás mulleres con TDAH, quenes axudaron a visibilizar e a concienciar sobre esta problemática.